

Federación Galega de Espeleoloxía

Respectar o medio ambiente das covas é respectar a vida, por iso **non esquezas**

Coidar

Non deixando nada atrás, agás as tuas pegadas

Preservar

Empregando técnicas de iluminación respectuosas co medio

Conservar

Non estragando o medio natural: covas e zonas kársticas axudan ao desenvolvemento local

Protexer

Mantente dentro dos sendeiros marcados e minimiza o risco de accidentes

Desfrutar

Apreciando a beleza natural e os seus valores arqueolóxicos e paleontolóxicos

IV CAMPAMENTO GALEGO ESPELEOLOXÍA VETERANOS



23-24 de Outubro 2021
Serra do Courel

Organizan



Colaboran



CAMPAMENTO GALEGO

PRESENTACION E REGULAMENTO

En abril do 2019, as montañas do Caurel foron declaradas pola UNESCO como Xeoparque, o primeiro de Galicia. Unha das causas principais son a paisaxe kárstica que poseen e que deron lugar á grande cantidade de cavidades exploradas por espeleólogos, principalmente galegos, e que siguen tendo un grande interese, polos recentes descubrimentos. O obxectivo deste campamento é homenaxear a aqueles que adicaron parte das súas vidas a practicar este deporte-ciencia, e tamén facer unha posta en valor deste territorio, que serva para a súa protección e desenvolvemento sostible.

O **IV Campamento de Veteranos** terá lugar este ano no Acampamento O Courel (Esperante-Seoane), onde se centralizarán as saídas tanto ás cavidades da zona, como aos roteiros guiados por Xeoparque, alternativa para aqueles veteranos federados que non desexen entrar nas covas e os acompañantes. Levarase a cabo a **VIII Gala da Espeleoloxía Galega**, coa entrega de galardóns aos clubs e deportistas nomeados pola FGE que cumpriron 25 anos federados.

Para poder participar no campamento é imprescindible ter 6 anos de federado e estar en posesión da licenza do ano en curso, expedida pola FGE ou calquera outra licenza análoga de espeleoloxía recoñecida por esta (ás das federacións integradas na CEC).

Os maiores de 40 anos terán preferencia na reserva dos bungalows e cea do Camping, que se asignarán por rigurosa orde de inscrición, asignarase en principio e en función da reserva, un bungalow de 4 prazas por club asistente, ata un máximo de 12 prazas. Os participantes que queden sen praza ou que aí o desexen, poderán aloxarse na zona de acampada do camping. Os acompañantes, só poderán participar nas actividades culturais e roteiros programados.

Cada club nomeará por escrito a un deportista como Delegado/a, estos datos só serán utilizados para o rexistro de participación no campamento e para a memoria final de participantes no mesmo, que remitiremos ao remate á FGE.

Atendendo o *PROTOCOLO FISICOVID-DXTGALEGO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCACIONADA POLA COVID-19 NO ÁMBITO DO DEPORTE FEDERADO DE GALICIA* (ver documento en <http://www.espeleoloxia.org>) **os participantes presentarán** debidamente cuberto a correspondente **DECLARACIÓN RESPONSABLE PARTICIPANTE NA ACTIVIDADE (DEPORTISTA e STAFF)**.

Todos os participantes asumen a obriga de cumprir as normas de protección establecidas en materia sanitaria, tanto no uso das instalacións de uso común como o desenvolvemento das actividades. **Entroutras lémbrese que o uso de máscara é obrigatorio.** Tamén que o acceso as instalacións deberá realizarse a través do “punto limpo” establecido.

PROGRAMA DAS ACTIVIDADES

Datas e lugar de realización: 23-24 de Outubro 2021 – Serra do Courel (Lugo).

Data límite de inscrición no Campamento: 18 de Outubro ou ata completar o aforo do campamento.

Pernocta: Acampamento do Courel

Cavidades que se poden visitar: Sima Teixeira, Cova da Ceza, Valdabreira, Arcoia, Buraca das Chollas, Tara do Tarelo, Tralacosta, Caho do Lindeiro, Sima das Chollas, Cova o Eixe e Sima Aradelas.

Sábado 23 de outubro

- 11:00 Recepción participantes e entrega de documentación no Acampamento O Courel.
 - 12:00 Planificación actividades.
 - 14:00 Xantar
 - 17:00 Saídas programadas por equipos as cavidades da zona. Roteiro alternativo: Visita ao Museo Xeolóxico Quiroga e Exokarts Val das Mouras
 - 21:30 Cea.
- Proxección de fotos e vídeos en lembranza de antigos compañeiros espeleólogos

Domigno 24 de outubro

- 10:00 Saídas programadas por equipos para prácticas espeleolóxicas ás cavidades da zona. Roteriro alternativo: Visita ao Castro da Torre e visita interpretada Aldea BIC de Seceda e Ruta das Alvarizas na contorna.
- 14:00 Xantar
- 17:00 Clausura oficial do IV Campamento Galego de Veteranos da FGE.

CAMPAMENTO GALEGO

MATERIAL NECESARIO

Material para facer actividade espeleolóxica: Equipo de progresión horizontal e vertical, tanto individual como colectivo.

Material para a pernocta: Saco de durmir, esterilla, equipamento de acampada, segundo caso.

Manutención: Xantar do sábado e domingo e o almorzo segundo caso.

INSCRICIÓNS

Na inscrición o interesado facilitará os seus datos: nome, apelidos, data nacemento, DNI/NIF, clube, teléfono e correo electrónico, datas de chegada e saída.

O participante indicará si vai necesitar aloxamento en bungalow, facendo a reserva previa no teléfono 637758452 ou na zona de acampada, e si vai asistir á Cea de Gala, que se celebrará na Casa Ferreiro (Seoane).

As inscricións faranse a través do e-mail: miguelsitjas@gmail.com , teléfono de contacto 637758452 (tardes).

Cotas inscrición:

Federados con reserva de bungalows:	20,00 €
Acompañantes con reserva de bungalows:	25,00 €
Cea Gala Veteranos:	14,00 €

Federados e acompañantes en zona de acampada según tarifas establecidas polo Acampamento Caurel: <https://acampamentocaurel.com/acampada/>, que se abonarán directamente á administración do Acampamento.

Farase o ingreso bancario do importe para o caso de reserva de bungalow **antes do 18 de outubro**. O importe da cea será abonada á organización do campamento ao remate da mesma.

A cotas non inclúen o custe das licencias deportivas.

Conta bancaria para facelo ingreso:

CAIXA RURAL GALEGA ES63 3070 0031 48 61 1910 5226

Debe indicarse no ingreso: nome, apelidos ,dni, club, cuota que se abonan para reservar (bungalow e/ou cea)

Calquera outra situación ou dúbida non prevista por este Regulamento será resolta pola organización.

A organización poderá cambiar os horarios e actividades en función do desenrolo do campamento

LOCALIZACIÓN

O Campamento base está no Acampamento O Courel, en Esperante - 27325 Folgoso do Courel (Lugo). <https://goo.gl/maps/B7vJCUwj6aoCH6Gv5>

Lembrede

RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020 e do 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade):

- Non se permite compartir material deportivo. As botellas de auga son individuais.
- Sen máscara mantede distanciamento de seguridade. Respeta a sinalización de seguridade nos espazos comúns.
- Os deportistas non podrán compartir alimentos, bebidas ou similares.
- Antes de entrar ás zonas comúns deberán limparse as mans empregando o hidroxel virucida.

O campamento estará supeditado á normativa e situación COVID no momento da súa celebración

Non esquezas: Realizar un traballo en equipo, fundamento da exploración espeleolóxica.

Club Montañeiros Celtas
Rúa Camelias 78, Oficina K
36211 VIGO

Grupo Espeleoloxía Lugo
Rúa Nicomedes Pastor Díaz, 14 1ª
27001 LUGO